

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 9628** *Orde PRE/1501/2009, do 4 de xuño, pola que se modifica o anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.*

O Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, incorporou ao noso ordenamento a Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de maio de 2002, sobre substancias indesexables na alimentación animal.

Os valores máximos permitidos de determinadas substancias indesexables na alimentación animal foron modificados pola Directiva 2008/76/CE da Comisión, do 25 de xullo de 2008, pola que se modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre substancias indesexables na alimentación animal.

Mediante esta orde incorpórarse a Directiva 2008/76/CE da Comisión, do 25 de xullo de 2008, a través da modificación dos puntos 3, 14 e 21 da parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, e a supresión dos puntos 28, 29 e 31 deste.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e o ministro de Sanidade e Consumo, actual ministra de Sanidade e Política Social, para que, no ámbito das súas respectivas competencias, logo de informe preceptivo da Axencia Española de Seguranza Alimentaria e Nutrición, adopten as disposicións necesarias para o desenvolvemento das previsións do dito real decreto e para a actualización ou inclusión de novos anexos como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e da ministra de Sanidade e Política Social, dispoño:

**Artigo único. Modificación do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.**

A parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, queda modificada do seguinte xeito:

Un. Os puntos 3, 14 e 21 substitúense polos correspondentes incluídos no anexo desta orde.

Dous. Suprímense os puntos 28 (Albaricoque - *Prunus armeniaca L.*), 29 [Améndoа amarga - *Prunus dulcis* (Mill.) D.A. Webb var. amara (DC.) Focke (= *Prunus amygdalus* Batsch var. amara (DC.) Focke)], e 31 [*Camelina* - *Camelina sativa* (L.) Crantz].

**Disposición derradeira primeira. Incorporación do dereito comunitario ao dereito nacional.**

Mediante esta orde incorpórarse ao ordenamento interno a Directiva 2008/76/CE da Comisión, do 25 de xullo de 2008, pola que se modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre substancias indesexables na alimentación animal.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación desde o 1 de abril de 2009.

Madrid, 4 de xuño de 2009.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

**ANEXO****Modificación do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indeseables na alimentación animal**

«Substancias indeseables	Produtos destinados á alimentación animal	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, referido a un contido de humidade do 12%
(1)	(2)	(3)
3. Flúor (b)	Materias primas para a alimentación animal, agás: - pensos de orixe animal, salvo crustáceos mariños como o krill - crustáceos mariños como o krill - fosfatos - carbonato cárxico - óxido de magnesio - algas mariñas calcarias Vermiculta (E 561) Pensos complementarios - con ≤ 4% de fósforo - con >4% de fósforo  Pensos completos, agás:  - pensos completos para bovinos, ovinos e caprinos - lactantes - outros - pensos completos para porcos - pensos completos para aves de curral - pensos completos para pitos - pensos completos para peixes	150 500 3000 2000 350 600 1000 3000 (e) 500 125 por 1% de fósforo 150  30 50 100 350 250 350
14. Sementes de malas herbas e froitos non moídos nin triturados que conteñan alcaloides, glicósidos ou outras substancias tóxicas, por separado ou en conxunto, a saber:  Datura stramonium L.	Todos os pensos	3000  1000
21. DDT (suma dos isómeros do DDT, DDD [ou TDE] e DDE calculada en forma de DDT)	Todos os pensos, agás:  - materias graxas e aceites	0,05  0,5

(b) Os niveis máximos refirense a unha determinación analítica do flúor en que a extracción se leva a cabo en ácido clorhídrico 1 N durante 20 minutos a temperatura ambiente. Pódense aplicar procedementos de extracción equivalentes sempre que estea demostrada unha eficacia de extracción semellante.

(e) Como máis tarde o 31 de decembro de 2008 revisaranse os niveis co fin de reducir os niveis máximos.»